


A cor das palabras é o libro de entrevistas filmadas con Marguerite Duras sobre o seu cinema que publicou de maneira póstuma Dominique Noguez en 1984. O Concello de Compostela, na actividade «A cor das palabras. Encontros con cineastas», recolle o espírito destas conversas coa escritora e cineasta para traer ao Cinema NUMAX, de maneira periódica, cineastas de referencia que manterán un encontro co público nunha oportunidade única para achegarnos á súa maneira de pensar e traballar.



**A COR
DAS
PALABRAS
2018**

**ENCONTROS
CON
CINEASTAS**



En colaboración con

FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE
FILMADRID

EUGÈNE GREEN

**«Presenza real
no cinematógrafo»**

17 de xuño ás 11:30

Cinema NUMAX
Concepción Arenal, 9

Entrada gratuíta até completar aforo

www.compostelacapitalcultural.org

CompostelaCapitalCultural

@CCultura

EUGÈNE GREEN

**«Presenza real
no cinematógrafo»**


**CONCELLO DE
SANTIAGO**



Eugène Green é un dos cineastas máis singulares do cinema contemporáneo. Aínda que nace en Nova York en 1947, refírese aos Estados Unidos como Barbaria e considera a súa verdadeira data de nacemento 1968, ano no que marcha do seu país de orixe rumbo a Europa, e tras unha longa peregrinaxe, aséntase en París onde adopta a lingua francesa como propia. Gran renovador do teatro francés como fundador do Théâtre de la Sapience, onde se especializa na posta en escena de autores como Pierre Corneille, Jean Racine ou Jean-Philippe Rameau, non será até inicios do século XXI, cando se inicie na dirección coa deslumbrante *Toutes les nuits*, coa que acada o premio Louis Delluc.

A continuación Green imponse cunha obra cinematográfica sumamente delicada, que segue o ronsel de autores como Robert Bresson, Yasujiro Ozu, Hou Hsiao-hsien ou Hirokazu Kore-eda, e que entende o cinema como medio de reflexión sobre a palabra, a arte, a filosofía ou a espiritualidade. Tras as sublimes *Le Pont des Arts* (2004) e *La religiosa portuguesa* (2009), en 2014 reafirma o seu amor pola arte barroca con *La sapienza*, á que segue *Le fils de Joseph* (2016), de filiación definitivamente bressoniana. Nestes dous últimos filmes emprende un mecanismo narrativo realmente singular que acada total protagonismo en *Agardando os bárbaros* (2017), que consiste en situar os actores falando cara á cámara mais dirixíndose a outros personaxes e non ao público. O filme nace dun taller con doce actores que non se limitaron á interpretación, senón que teñen funcións de eléctricos, scripts ou auxiliares e acadou o Gran Premio do Festival de Xixón 2017.

OS LIBROS DE EUGÈNE GREEN

Banquete, Platón. Xerais, 2001

Fedro, Platón. Alianza, 2016

El cuento del grial, Chrétien de Troyes. Acantilado, 2003

Traités et sermons, Maître Eckhart

La Gerusalemme liberata, Torquato Tasso

História do futuro, P. António Vieira

Pensamientos, Pascal. Alianza, 2015

La princesa de Cléves, Madame de La Fayette. Ramdon House, 2010

La educación sentimental, Gustave Flaubert. Alba Editorial, 2018

Mensaje, Fernando Pessoa

Abada Editores, 2016

Notas sobre o cinematógrafo, Robert Bresson. Positivas, 1993

AGARDANDO OS BÁRBAROS

[Eugène Green, 2017]

PASE ÚNICO EN NUMAX: 16 de xuño ás 19:30 | V.O.S.E. | +12

En attendant les barbares (2017, 75')

Dirección: Eugène Green

Guión: Eugène Green

Elenco: Valentine Carette, Hélène Gratet, Anne-Sophie Bailly, Chloé Chevalier, Roman Kané, Clément Durand, Arnaud Vrech, Fitzgerald Berton, Marine Chesnais

Son: Valérian Galy, Tristan Pontécaille, Stéphane Thiébaud

Montaxe: Laurence Larre

Fotografía: Raphaël O’Byrne

Produtoras: Chantier Tecknics, Chantiers Nomades (Francia)

Distribuidora: Chantiers Nomades

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Francés

«Unha mostra audaz e moderna do ímpeto interpretativo, que fai do filme un proxecto tremendamente particular»

Dani Rodríguez, CINE MALDITO



A memoria da arte

Por Manu Yáñez

A singularidade do traballo actoral constitúe un dos piares estilísticos da obra de Eugène Green, o director de *Le pont des arts* (2004). Abrazando, cun rigor espartano, o ascetismo de Robert Bresson, Green fixo da declamación a súa música; do xesto nu, a súa coreografía; do aceno hierático a súa pantomima. Estas convicións resplandecen con incandescente radicalidade en *Agardando os bárbaros*, un proxecto xurdido da realización dun taller para actores impartido a pasada primavera en Toulouse e coñecido como Chantiers Nomades. Esta orixe formativa axuda a explicar a austeridade extrema do novo filme do autor de *La sapienza* (2014), que, para goce dos seus seguidores, non se limita a convocar aquí a súa concepción da interpretación, senón que depura todos os rasgos do seu proxecto fílmico até aroupar a súa quitaesencia.

Agardando os bárbaros presenta o Green dos xestos máis ortopédicos: á hora de recrear un texto do século XII escrito en occitano e recitado en rima, os actores encarnan un duelo a cabalo sen atrezzo algún e co único recurso dos seus corpos (levando ao paroxismo a tosquedade física do *Perceval le Gallois* de Eric Rohmer —1978—). No plano narrativo, Green afía a súa ironía até conectar coa sátira máis grotesca (en sintonía co personaxe de Mathieu Amalric en *Le fils de Joseph* —2016—): entre os seis mozos que acoden a un castelo para se acubillar do ataque dos bárbaros (godos, tártaros... e estadounidenses), figura un político que non cre na sabiduría popular, unha pintora incapaz de propinar un brochazo a un lenzo ou unha parella de burgueses bohemios incapaces de procrear pese a ter uns coeficientes de fertilidade do 200%. En termos conceptuais, Green exalta e explicita o seu traballo arredor do anacronismo: para refuxiarse no castelo, os mozos deben renunciar aos seus teléfonos móbiles, portátiles e demais aparellos electrónicos e logo



manifestan a súa incapacidade para crear calquera cousa sen a axuda de internet. Polo demais, o quietismo resplandece neste filme de escenarios escasamente alumados.

Embarcados nesa busca da luz que soe obsesionar os personaxes de Green, a troupe de *Agardando os bárbaros* móvese empurrada pola paranoia e a ignorancia. Un estado de desconcerto do que só os pode espertar unha aprendizaxe elemental: a esperanza reside na memoria da arte e na súa aplicación sobre a realidade presente. Unha tese que permite imaxinar unha utopía escénica e romántica: para sobrevivir na barbarie contemporánea abundaría con sentar e escoitar con xenuíno detemento unha representación do ciclo artúrico e, si, renunciar á tecnoloxía. Eis a lección desta transgresora ficción que expresa a realidade do mundo.

Por Eugène Green

Este obradoiro ten como obxectivo permitir aos participantes colaborar activamente na rodaxe dun pequeno filme e, se ben funcionará como un exercicio pedagóxico, desenvolverase do mesmo xeito e coa mesma esixencia que as miñas demais rodaxes. Haberá un guión escrito previamente que leva por título *Agardando os bárbaros*. Terá doce personaxes e como en todo filme, os actores verán repartida a súa participación en función da súa singularidade.

Fiel á miña liña artística, este obradoiro ofrecerá aos actores a posibilidade de practicar un xogo non psicolóxico, fundado nunha negación dos códigos da representación calificados de realistas (mais que realmente non son tal) e sobre a busca dunha realidade interior.

Ao tratarse dun mini filme, estaremos acompañados de profesionais nos postos técnicos de maior responsabilidade e todos participaremos en distintos aspectos da rodaxe.

O resultado do taller, as «canas [roseaux]» —palabra que coído que procede dos fragmentos de películas espaxados, como se fosen canas, sobre o chan dunha cabana, por iso Cannes, vila emblemática do cinema, significa etimoloxicamente *vila das canas*— serán montadas e compar-tiremos o pracer dunha proxección.

